


CLUB DE LECTURA "LER É LECER"



Desde Bibliocervo, convidámoste a participar na segunda volta do Club de Lectura de adultos **EN LIÑA** deste curso 21/22.

A obra escollida desta volta é "**A viaxe de Gagarin**", do escritor chairego Agustín Fernández Paz. Comezamos o vindeiro luns, 2 de maio, ás 19:30, a través da plataforma WEBEX, premendo no **astronauta** e introducindo o código e a contrasinal indicadas:



NÚMERO DE REUNIÓN (CÓDIGO DE ACCESO): 2733 302 3722
CONTRASINAL DA REUNIÓN: LECTORAS@2



PREME PARA SABER MÁIS

Sinopse:

Doce de abril de 1961: o cosmonauta Iuri Gagarin convértese no primeiro ser humano en viaxar ao espazo exterior. Comezaba a era espacial, e tamén unha década que traería grandes cambios. Cincuenta anos despois, Miguel Mendiguren, un home na fronteira dos sesenta anos, mentres vela os días derradeiros da súa nai nun cuarto de hospital, lembra a proeza do cosmonauta ruso. Daquela el tiña dez anos e gañara un concurso escolar de redacción cun traballo sobre esa primeira viaxe espacial. A raíz diso, os outros nenos pasan a chamarlle Gagarin, un sobrenome que o acompañará durante toda a súa infancia e adolescencia. Mentres se apaga a vida da nai, Miguel lembra os seus anos mozos, na Coruña da década dos sesenta. Os seus rexentan unha imprenta e unha librería de barrio, aparentan ser unha familia coma as outras. Mais esconden perigosos segredos que Miguel irá desvelando a medida que se abre á complexidade da vida. Unha vida a España desa época, coa ditadura de Franco e a represión das liberdades máis básicas, coa ameaza permanente da Brigada Político Social, a policía secreta do Réxime. E tamén coa oposición clandestina, barreira imprescindible contra a barbarie. Naquel tempo de mocidade, Miguel tamén experimenta a revolución interior que supón namorarse. O arrebatado da paixón e a dor da ausencia, nunha relación marcada polas diferenzas de clase. Emocionante historia de amor, engaiolante novela de formación e da memoria. A viaxe de Gagarin confirma a Agustín Fernández Paz como mestre da narrativa do noso tempo.